



CONVOCATORIA E BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA OS POSTOS DE DIRECTOR/A E MONITORES DE OCIO E TEMPO LIBRE NO CONCELLO DE ROIS PARA O PROGRAMA DE DIVERVERÁN 2026 NO CONCELLO.

Decreto de alcaldía-presidencia do Concello de Rois polo que se resolve efectuar convocatoria pública para a contratación de persoal laboral temporal.

Para o desenvolvemento do programa DIVERVERAN 2026 do Concello de Rois que se vai a realizar durante os meses de xuño a setembro de 2026, debido o gran número de inscricións, o Concello precisa contratar monitores de ocio e tempo libre e un director/a.

Constatada a necesidade e no uso das facultades contempladas no artigo 41.14-C do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais decreto:

Primeiro.- Efectuar a convocatoria pública para contratar en réxime laboral temporal dun/ha director/a de actividades de tempo libre e de monitores/as de ocio e tempo libre para os meses de xuño a setembro segundo o número e períodos que se recollen nas bases

Segundo.- Aprobar as bases que han de rexer a convocatoria e que se establecen no anexo que acompaña esta resolución.

Rois, na data da sinatura electrónica.

O alcalde

O secretario accidental

Ramón Tojo Lens

José Ángel Sorribas Bustelo